

# MANUEL MURGUÍA

[1833-1923]

«Pequeno de corpo e grande de esforzo»


## CENTENARIO DO SEU PASAMENTO



### UNIDADE DIDÁCTICA ED. PRIMARIA

**CEIP E. PARDO BAZÁN, A CORUÑA**  
**CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA, A CORUÑA**  
**CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, A CORUÑA**  
**CEIP R. OTERO PEDRAYO, A LARACHA [A Coruña]**  
**CEIP SALGADO TORRES, A CORUÑA**  
**CEIP SOFÍA CASANOVA, CULLEREDO [A Coruña]**


# MANUEL MURGUÍA



Manuel Antonio Martínez Murguía naceu o 17 de maio de 1833 no lugar de Froxel, na parroquia de Oseiro, en Arteixo (A Coruña), cando a súa nai ía visitar o Santuario de Pastoriza. Era fillo de Concepción e Juan, boticario con despacho na cidade da Coruña.

En 1845 a familia marchou a Santiago de Compostela, onde Manuel rematou o bacharelato e a carreira de Filosofía, comezando cos estudos de Farmacia que non deu rematado.


Os seus verdadeiros intereses estaban na literatura e na historia, facendo tertulia no «Liceo de la Juventud», con Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre.



Manuel Murguía

Cinco anos despois marchou a Madrid onde traballou nos xornais *La Iberia* e *Las Novedades*. Nesta cidade coñeceu a Rosalía de Castro, coa que casará en 1858, e á que animou á publicación de *Cantares Gallegos*, obra considerada como a iniciadora do Rexurdimento literario galego.


A vida cultural de Murguía é enorme: foi Cronista Oficial do Reino de Galicia, dirixiu o Arquivo de Simancas, fundou a Real Academia Galega, da que foi elixido presidente, dirixiu *La Ilustración Gallega y Asturiana*, o xornal *La Región* e, con Alfredo Brañas, *La Patria Gallega*, publicou o *Diccionario de escritores gallegos*, *O rexionalismo galego*, a *Historia de Galicia*, que non chegou a rematar, e unha chea de artigos en revistas e boletíns.



Caricatura de Manuel Murguía realizada por Alfonso R. Castelao.

Faleceu na Coruña, o 2 de febreiro de 1923, sendo soterrado no cemiterio de Santo Amaro desta mesma cidade.

# QUE SABES DE MURGUÍA?



1. Cal é o nome completo de Manuel Murguía? Completa.

<b>M</b> _____	<b>A</b> _____	<b>M</b> _____	<b>M</b> _____
----------------	----------------	----------------	----------------

2. Arrodea e colorea o nome dos pais de Murguía.

**Uxía e Xoel**

**Carolina e Juan**

**Sabela e Serxio**

**Concepción e Lois**

**Concepción e Juan**

**Catuxa e Juan**

**Florinda e Martiño**

3. Relaciona, pintando da mesma cor, o lugar onde naceu Manuel Murguía, a parroquia, a localidade e a provincia.

**Correxás**

**Freixo**

**Arteixo**

**Froxel**

**Baredo**

**Cospeito**

**O Agro**

**Sistallo**

**Celanova**

**A Rega**

**Oseiro**


**Baiona**




4. Que profesión tiña Juan, o pai de Murguía? En que cidade? Completa a oración.

Juan, o pai de \_\_\_\_\_, era \_\_\_\_\_  
e tiña a súa botica na cidade da \_\_\_\_\_.

5. En que sociedade compostelá tiña Murguía unha tertulia? Une.



6. Que camiño ten que seguir Manuel Murguía para reunirse cos seus amigos Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre no «Liceo de la Juventud»?



7. Resume a biografía de Murguía en catro oracións breves.

1 \_\_\_\_\_

2 \_\_\_\_\_

3 \_\_\_\_\_

4 \_\_\_\_\_

8. Ilustra estas dúas frases. Colorea.

En Santiago comezou a estudar a carreira de Farmacia, que non rematou.

No ano 1858 casou coa gran escritora galega Rosalía de Castro.

9. Que catro datos de todos os que aparecen no recadro teñen relación coa biografía de Manuel Murguía? Arrodeáas.

<b>Froxel, en Oseiro-Arteixo</b>	<b>Cerámica de Sargadelos</b>
<b>Radio Televisión de Galicia</b>	<b><i>Historia de Galicia</i></b>
<b>Real Academia Galega</b>	<b>2 de febreiro de 1923</b>
	<b>Outeiro de Rei [Lugo]</b>

10. Descubre nesta sopa de letras as dez palabras que aparecen no recadro relacionadas coa vida de Murguía.

**BRAÑAS OSEIRO CORUÑA BOTICARIO PONDAL  
ROSALÍA ARTEIXO MAIO CONCEPCIÓN FROXEL**

**C O N C E P C I O N Z V L  
X P C F G A R T E I X O M  
B O N F M D R O S A L I A  
H N B R A Ñ A S X G C N I  
F D H O Z D V E M B L F O  
X A C X B O T I C A R I O  
S L R E Q C O R U Ñ A Q E  
Z N G L V M L O D X S H C**





11. Cantas caricaturas de Murguía, realizadas por Castelao, aparecen no recadro? Arrodea, conta e anota o seu número.



Hai  caricaturas de Murguía


# O ENCRUCILLADO DE MURGUÍA




1. MARTÍNEZ 2. FARMACIA 3. ANTONIO 4. A CORUÑA 5. OSEIRO 6. FROXEL 7. SIMANCAS  
8. JUAN 9. BOTICARIO 10. SANTIAGO 11. AURELIO 12. ROSALÍA 13. PONDAL

1. Primeiro apelido do pai de Manuel Murguía.
2. Estudos que comezou Manuel e que non deu rematado.
3. Segundo nome de Manuel Murguía.
4. Cidade na que seu pai tiña unha botica.
5. Parroquia arteixá na que naceu o 17 de maio de 1833.
6. Lugar da parroquia de Oseiro na que naceu Manuel Murguía.
7. Cidade castelá na que estaba o Arquivo do que foi director.
8. Nome de seu pai.
9. Oficio do pai de Murguía.
10. Cidade galega onde esta o «Liceo de la Juventud».
11. Nome dun dos seus amigos, de apelido Aguirre.
12. Nome da muller de Murguía.
13. Apelido doutro amigo, de nome Eduardo.

# A CARICATURA DE DE MURGUÍA




Fai unha caricatura de Manuel Murguía tomando como modelo as fotos do recadro. Colorea.




**Manuel Murguía**




# O CREBACABEZAS DE MURGUÍA





1




# O CREBACABEZAS DE MURGUÍA



2




# O CARTEL DE MURGUÍA



Agora toca eleborar un cartel anunciando o centenario do pasamento de Manuel Murguía. O cartel ten que levar os catro datos que figuran no recadro. Pódelo decorar e pintar como che pete.

**MANUEL MURGUÍA      1833-1923**  
**I ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO**  
**FUNDADOR DA REAL ACADEMIA GALEGA**






*La Primera Luz* é un libro escrito por Manuel Murguía para o seu uso nas Escolas das primeiras letras de Galicia, con vinte e sete leccións, axeitadas aos escolares máis pequenos, sobre xeografía, historia e cinco biografías de personaxes senlleiras galegas.

## LECCIÓN VI.

A antiga división de Galicia era abondo defectuosa, pero hoxe, e tadamente, áchase dividida en catro provincias, que son as da Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense, que ocupan 1.032 legoas cadradas, nas que a poboación chega a case os dous millóns de habitantes. As súas montañas son numerosas, aínda que polo regular non moi elevadas, ramificación dos Pirineos que avanzan cara Fisterra, e entre as cales poden contarse como de máis altura as de Cervantes, Cebreiro, Courel, Segundeira, Armonda, A Loba e o Bocelo. Corren polas súas vizosas canellas e polos seus vales fertilísimos, multitude de ríos, entre o que sobresaé o Miño, que nacendo na provincia de Lugo, perto do mosteiro de Meira, pasa a un lado da cidade de Lugo, adiántase cara Ourense, onde vén unido ao Sil, outro gran río, os cales, despois de recoller o Avia e outros, entre eles o Arnoia, pasa por diante de Tui e vai desembocar no océano, sendo por iso un dos máis caudalosos de España, o de máis crecido caudal en Galicia, e o que nacendo e morrendo nela, parece querer simbolizar este reino no que fertiliza os seus vales. Conta o noso país con outros ríos nos que o seu precioso caudal de augas forman parte da súa riqueza agrícola; tales como o Tambre, o Ulla e o Limia, que forma o célebre lago deste nome.

En castelán no orixinal

# QUE SABES DA LECCIÓN VI?



P.- En cantas provincias se divide Galicia?

R.- \_\_\_\_\_

P.- Cal é a súa extensión e cal a súa poboación?

R.- \_\_\_\_\_

P.- Cales son as súas montañas máis elevadas?

R.- \_\_\_\_\_

P.- Cales son os seus ríos máis caudalosos?

R.- \_\_\_\_\_

P.- Que circunstancias fan notable ao primeiro destes ríos?

R.- \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

En castelán no orixinal